

"Busco a complicidade das persoas adultas, porque creo que os meus libros teñen algo que lles dicir"

Agustín Fernández obtivo o Premio Raíña Lupa de Literatura infantil da Deputación da Coruña por "Cos pés no aire", un libro trata das dificultades que trae consigo ser diferente no seo dunha sociedade que non acepta con naturalidade as persoas que se saen do que se considera "normal". Un libro que, coma O Principiño ou outros títulos senlleiros, se dirixe a todas as persoas, sen distinción de idades.

▼ MATEO IGLESIAS

¿Que supón Cos pés no aire na túa xa extensa obra literaria? ¿En que medida este libro é unha profundización nun camiño que iniciaches en obras como Contos por palabras ou Amor dos quince anos, Marylín?

—Máis que un cambio, creo que este libro supón un avance respecto a títulos anteriores, sobre todo nos aspectos formais, pero non me resulta doado valoralo. Certamente, en *Cos pés no aire* tamén hai, como nos libros que citas, unha irrupción do elemento fantástico na vida cotiá. Sen embargo, creo que aquí hai algo máis, como é a vontade de construír unha narración que reflicta a miña visión da vida e das relacións entre as persoas, aínda que esta visión permaneza sempre por debaixo da historia, como a parte oculta dun iceberg.

Está é a historia de Daniel, un home que traballa nunha oficina e leva unha vida monótona e gris. Un home que descobre de xeito casual, que pode elevarse polo aire con só desexalo intensamente. ¿Unha historia que dende o cotián se proxecta no fantástico?


—Gústame utilizar a mestura de elementos fantásticos nun contexto realista; creo que é un procedemento que permite abordar dun xeito máis libre calquera aspecto da realidade. Neste caso, o punto de partida foi o fenómeno da levitación, o vello desexo de voar que temos as persoas, que conta con ilustres precedentes. Precisamente, o libro presenteino ó Raíña Lupa co lema "Unha cunca de chocolate espeso", nunha homenaxe explícita ó cura de Macondo, un deses personaxes inesquecibles de *Cien años de soledad*, que tomaba unha cunca de chocolate para levitar e así poderlle amosar ós incrédulos o poder da fe.

¿Cos pés no aire é case un alegato a prol da aceptación da diferenza, tanto por parte de quen vive a diferenza, como daqueles que conviven con ela?

—Pois si. Este meu libro trata das dificultades que trae consigo ser diferente no seo dunha sociedade que non acepta con naturalidade as persoas que se saen do que se considera "normal". Nese sentido, é unha loanza da diferenza e unha invitación á autoestima, a aceptarnos como somos.

Este é un libro para tódalas idades. Un libro que len co pracer os lectores autónomos, pero que poden disfrutar coa mesma intensidade as persoas adultas....


—No remate do libro hai un apartado, "Dúas palabras sobre o autor", onde se di que "A Agustín Fernández Paz gústalle dicir, usando as palabras do noruegués



Jostein Gaarder, que el está empeñado nunha loita explícita por conseguir un status digno para a literatura infantil e xuvenil. Aínda que os seus libros aparecen en coleccións dirixidas á mocidade, o certo é que escribe as súas historias coa intención de que tamén lle interesen ás persoas adultas". Recoñézome esas palabras, xa que sinalan a liña na que tento situarme. Hai tempo que defendo iso dun xeito explícito, como lector e como autor, e sublévanme os estereotipos que existen ó

redor deste tema. Gústame encadrarme dentro da literatura para a mocidade, xa o dixen ben veces. Pero tamén reitero coa mesma intensidade que busco a complicidade das persoas adultas, porque creo que os meus libros tamén teñen algo que lles dicir.

Cos pés no aire foi Premio Raíña Lupa de Literatura Infantil na súa primeira edición. ¿Que papel cres que cumpren os premios na nosa edición infantil e xuvenil?



Daniel traballa nunha oficina e leva unha vida monótona e gris. Un día, de xeito casual, descobre que pode elevarse polo aire con só desexalo intensamente. Temeroso de que outras persoas descubran o seu segredo, Daniel vese forzado a modificar todos os seus hábitos. Pero o cambio maior virá cando descubra que non é el só quen ten esa estraña cualidade. Velaquí unha narración onde se abordan as dificultades que algunhas persoas teñen polo feito de vivir nunha sociedade que exclúe o que non considera normal. Deste xeito, *Cos pés no aire* é unha lúcida e suxerente parábola, na que latexa unha loanza da diferenza e unha invitación á autoestima. Un libro que, coma *O Principiño* ou outros títulos senlleiros, se dirixe a todas as persoas, sen distinción de idades.

"O libro conta cunhas ilustracións extraordinarias de Miguelanxo Prado"

—Manteño unha postura favorable ós premios, e máis nunha cultura coma a nosa, con moitas dificultades para acadar unha normalidade social. Ben sei que os premios teñen algo de azar, e tamén sei que ás veces son inxustos e deixan obras valiosas no camiño. Pero constitúen unha caixa de resonancia nesta sociedade que, en grande medida, se move por estímulos publicitarios. Axudan a facernos visibles e a que o encontro cos lectores sexa máis doado. Outra cousa é que logo o libro se sosteña só ou non, iso xa está directamente relacionado co seu atractivo e calidade. E, en última instancia, na miña opinión hai tamén un factor persoal: non podo esquecer que o Merlín e o Lazarillo foron dous premios que permitiron que o meu traballo se dese a coñecer.

Hai poucos meses publicaches A literatura infantil e xuvenil en galego dentro da serie Claves da colección Xerais Peto. ¿En que momento de saúde ves a nosa literatura infantil e xuvenil?

—A miña resposta é dual. Se penso na creación, o panorama é moi optimista: hai un bo número de persoas escribindo e ilustrando, cun nivel medio salientable. Por riba, entre os títulos que aparecen cada ano sempre hai algún brillante. En canto á edición, non ten nada que envexar á doutras culturas normalizadas. Por esta banda, as cousas van indo ben. Pola contra, se penso no contexto sociolingüístico, a preocupación é evidente. Asistimos a unha acelerada desgaleguización das xeracións máis novas, tanto no ámbito familiar como no escolar. E non se está a facer nada para deter esa ruptura da transmisión interxeracional (jeste si que é un problema para debater nos xornais, antes que o da normativa), quizais porque non hai consciencia da fondura da ferida.

¿A colaboración con Miguelanxo Prado o ilustrador do libro foi interesante?

—O libro conta cunhas ilustracións extraordinarias de Miguelanxo Prado. Con encadres orixinalísimos, que encaixan á perfección coa historia, e cunha técnica que lembra os seus mellores traballos. Neste sentido, átrévome a dicir que o libro é unha festa para os ollos. En canto ó texto, deben ser os lectores quen opinen sobre a súa posible calidade e interese.

¿Podes adiantar en que estás traballando?

—Levo case dous anos embarcado nunha novela longa e ambiciosa, que quizais se podería encadrar dentro do xénero de medo, ou de misterio, aínda que contén moitos máis elementos. Ando coa derradeira revisión, espero que poida estar nas mans dos lectores dentro de poucos meses.

